

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

RESOLUCIÓN do 7 de febreiro de 2023 pola que se resolven as solicitudes de axuda presentadas ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de estercos en gandaría, á transformación integral e modernización de invernadoiros, aos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables e á aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR406D, MR406E, MR406F e MR406G). Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o procedemento MR406D.



A Orde do 28 de abril de 2022 establece as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de estercos en gandaría, á transformación integral e modernización de invernadoiros, aos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables e á aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406D, MR406E, MR406F e MR406G). Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Unha das liñas de axuda establecidas é a correspondente a investimentos en sistemas de xestión de estercos en gandaría, con código de procedemento MR406D. A concesión das subvencións, segundo establecen as bases reguladoras, efectuarase mediante concorrencia competitiva.

De conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións convocadas mediante concorrencia competitiva deben ser obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación.

Unha vez rematada a fase de instrución das solicitudes recibidas, avaliadás as solicitudes por cada xefatura territorial da Consellería do Medio Rural, a Comisión Avaliadora prevista no artigo 15.3 das bases reguladoras aplica os criterios de prioridade para que as



persoas titulares das xefaturas territoriais formulen as propostas de resolución, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias. Vistas estas, a persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, por delegación da persoa titular da consellería, procede a resolver a convocatoria.

Por outra parte, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

Por todo o indicado,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as subvencións correspondentes a investimentos en sistemas de xestión de estercos en gandaría, con código de procedemento MR406D, convocadas pola Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión das axudas aos investimentos en sistemas de xestión de estercos en gandaría, á transformación integral e modernización de invernadoiros, aos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables e á aplicación de agricultura de precisión e tecnoloxías 4.0 no sector agrícola e gandeiro, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento MR406D, MR406E, MR406F e MR406G). Plan de recuperación, transformación e resilienzia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, ao solicitantes que se relacionan no anexo I, como consecuencia da aplicación dos criterios de valoración e de preferencia establecidos no artigo 7 da convocatoria, pola contías que se reflicten no anexo, e con cargo á aplicación 14.04.713C 770.3 e proxecto 2021 00205 para as axudas previstas aos investimentos en sistemas de xestión de estercos en gandaría, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2022, 2023 e 2024.

Esta axuda ten por finalidade favorecer a redución das emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro nos sectores gandeiros, ben mediante actuacións relacionadas coa adaptación ou cubrición das balsas exteriores de estercos con ou sen aproveitamento enerxético na propia explotación, ben mediante investimentos orientados á mellora da xestión e aproveitamento dos estercos relacionados co tratamento ou valorización das dexeccións gandeiras.



Segundo. Denegar as solicitudes de subvención que se relacionan no anexo II polas causas que se indican no dito anexo.

Terceiro. Informar os beneficiarios que figuran no anexo I desta resolución do seguinte:

a) As condicións de aplicación a estas axudas son con carácter xeral as establecidas na Orde desta consellería do 28 de abril de 2022 que regula estas axudas e, supletoriamente, as establecidas na normativa autonómica, estatal e comunitaria aplicable.

b) Para a concesión desta axuda e o establecemento das súas características tívose en conta a información e a documentación incluída coa solicitude de axuda. Toda alteración das condicións iniciais para a concesión das axudas previstas na orde de convocatoria e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

c) Esta axuda forma parte do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Taxa de cofinanciamento: financiadas ao 100 % pola Administración Xeral do Estado. Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next-GenerationEU.

Obxectivo estratéxico/operativo/instrumental: mellorar a resiliencia e a competitividade dun sector económico estratéxico como o sector agroalimentario, apoiando a consecución dos obxectivos climáticos, ambientais e de descarbonización da economía.

Política panca: política número 1 «Axenda urbana e rural, loita contra o despoboamento e desenvolvemento da agricultura».

Compoñente: compoñente 3 «Transformación ambiental e dixital do sector agroalimentario e pesqueiro».

Medida: investimento 4 «Plan de impulso da sustentabilidade e competitividade da agricultura e a gandaría (III): Investimentos en agricultura de precisión, eficiencia enerxética e economía circular no sector agrícola e gandeiro».

Contribución á transición ecolóxica: 40 %.

Contribución á transformación dixital: 6 %.



d) Obrigas en materia de emprego:

As entidades beneficiarias deberán cumplir coas seguintes obrigacións en materia de emprego, sen prexuízo das eventuais limitacións respecto diso relacionadas co réxime de normativa de axudas de Estado que sexa de aplicación:

i. Ter o seu domicilio fiscal e o seu principal centro operativo en España e mantelos, polo menos, durante o período de prestación das actividades obxecto de subvención.

ii. Prestar as actividades obxecto da subvención desde centros de traballo situados en España.

iii. Contribuír á creación e mantemento en España de todo o emprego necesario para a prestación da actividade obxecto da subvención, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social no territorio nacional.

e) Prazo de execución: 18 meses desde a concesión da subvención.

f) Período durante o que se deben destinar os bens ao fin concreto: 10 anos.

g) Os investimentos deben cumplir as características mínimas indicadas na orde.

h) Requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto:

– As accións de información e comunicación contarán co emblema da Unión Europea e a referencia ao fondo europeo que financia a actuación.

– Nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo de A3 nun lugar destacado e visible.

– Informar a través da páxina web, en caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación finanziada.

– Exhibir de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», xunto ao logo do PRTR dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>, en particular cando promovan accións e os seus resultados, facilitarán información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.



i) Outras obrigas:

– Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvimento da actividade, que permita cumplir os requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, e presentar os indicadores de produtividade e resultado a que se refire o anexo I do devandito regulamento, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046.

Os indicadores de produtividade relativos á persoa solicitante refírense á data inmediatamente anterior ao comezo da vinculación do/da participante coa actuación subvencionada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior ao da finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención.

A Administración poderá requerir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice a vinculación do/da participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no citado regulamento.

– Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvimento da actividade, que permita cumplir os requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 6 do Regulamento (UE) núm. 1301/2013, e presentar os indicadores de produtividade e resultado a que se refire o anexo I do devandito regulamento, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046.

– Conservar os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pagamento.

j) Segundo o indicado no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

A aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión das persoas beneficiarias na lista de operacións a publicar, co contido previsto no punto 1 do anexo XII e o artigo 115.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.



Cuarto. Os solicitantes relacionados no anexo I disporán de información más detallada na súa Carpeta cidadá.

Quinto. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interponerse potestativamente recurso de reposición perante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación, consonte o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro dereito que consideren pertinente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2023

O conselleiro do Medio Rural
P.D. (Orde do 17.11.2015; DOG núm. 223, do 23 de novembro)
Silvestre José Balseiros Guinarte
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias





ANEXO I

Aprobaciones

| Orde | Código de expediente | Beneficiario | NIF | Puntuación criterios de valoración | Subvención concedida |
|------|-----------------------|--|------------|------------------------------------|----------------------|
| | | | | | Importe |
| 1 | MR406D-2022-27-000037 | SAT Otero Novon 1170 XUGA | V27282680 | 7 | 13.650,00 € |
| 2 | MR406D-2022-27-000038 | Pedro y Vanessa ESPJ | E02996130 | 7 | 75.000,00 € |
| 3 | MR406D-2022-27-000039 | Macia Chorente, S.C. | J27478346 | 7 | 7.733,25 € |
| 4 | MR406D-2022-15-000007 | Meijomin, S.L. | B36527513 | 7 | 6.450,00 € |
| | | Esteban Bello Eirín | ***6656** | 7 | 6.125,00 € |
| | | Granjas de porcino Garda, S.L. | B15646540 | 7 | 27.950,00 € |
| | | Granxa Pontedona, S.L. | B70379169 | 7 | 5.265,00 € |
| | | Pigarcré, S.L. | B15626138 | 7 | 20.825,00 € |
| | | Granxas Xestoso, S.L. | B15494826 | 7 | 29.965,63 € |
| 5 | MR406D-2022-27-000026 | Gandeiros Xallas Barcala, S. Coop. Galega | F15964943 | 5 | 84.215,00 € |
| 6 | MR406D-2022-15-000003 | Gandería Ramas, S.C. | J70378716 | 5 | 54.215,00 € |
| 7 | MR406D-2022-15-000021 | Granxa A Costa, S.C.G. | F70039854 | 5 | 212.260,87 € |
| 8 | MR406D-2022-36-000006 | Ecocelta Galicia, S.L. | B36449643 | 5 | 22.075,50 € |
| 9 | MR406D-2022-27-000010 | Maribel Combo García | ****5639** | 4 | 62.384,00 € |
| 10 | MR406D-2022-15-000029 | Ganadería Casa Lorenzo, S.C. | J70258504 | 3 | 32.825,00 € |
| 11 | MR406D-2022-27-000051 | Agroamb Prodalt, S.L. | B27257666 | 3 | 279.250,00 € |
| 12 | MR406D-2022-27-000009 | Gaudencio Pérez Pérez | ***8174** | 2 | 38.769,50 € |
| 13 | MR406D-2022-32-000015 | Olimpia y otro Titularidad Compartida de Explotacion Agraria | E32494890 | 2 | 26.438,50 € |
| 14 | MR406D-2022-32-000003 | Agroganadera de Seoane, S.L. | B32147001 | 2 | 46.660,11 € |
| 15 | MR406D-2022-27-000004 | Gandeiría Palmeiro, S.C. | J27335736 | 2 | 114.123,90 € |



DOG

Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 35

Luns, 20 de febreiro de 2023

Páx. 14725

| Orde | Código de expediente | Beneficiario | NIF | Puntuación criterios de valoración | Subvención concedida |
|------|-----------------------|---|-----------|------------------------------------|----------------------|
| | | | | | Importe |
| 16 | MR406D-2022-27-000036 | S.A.T. Sanchiño | V15917024 | 2 | 114.115,00 € |
| 17 | MR406D-2022-32-000007 | Jys, S.C. | J32392516 | 2 | 30.600,00 € |
| 18 | MR406D-2022-32-000008 | Manuel Luis Rodríguez Yáñez | ***6896** | 2 | 9.633,81 € |
| 19 | MR406D-2022-36-000004 | Explotaciones Porcinas Agrorozas, Sociedad Limitada | B94170867 | 2 | 31.159,62 € |
| 20 | MR406D-2022-32-000009 | Magallais Docarmo, S.C. | J32500415 | 2 | 42.891,73 € |
| 21 | MR406D-2022-32-000010 | Ana Marra Ramos | ***6009** | 2 | 34.629,05 € |
| 22 | MR406D-2022-32-000012 | Amadeo Martínez Ramos | ***4845** | 2 | 16.713,76 € |
| 23 | MR406D-2022-32-000014 | José María Parente Gómez | ***0995** | 2 | 35.879,05 € |
| 24 | MR406D-2022-32-000017 | Benito Fernández Prieto | ***4801** | 2 | 39.604,05 € |
| 25 | MR406D-2022-32-000021 | José Carlos Fernández Alonso | ***1261** | 2 | 21.577,46 € |
| 26 | MR406D-2022-27-000060 | Pablo Ramón de la Barrera López | ***9440** | 2 | 48.550,00 € |
| 27 | MR406D-2022-27-000061 | Casa Xepe, S.C. | J27318195 | 2 | 57.000,00 € |
| 28 | MR406D-2022-27-000059 | Narxose, S.L.U. | B27499664 | 2 | 150.000,00 € |
| 29 | MR406D-2022-32-000026 | Jesús Rodríguez García | ***1938** | 2 | 24.217,46 € |
| 30 | MR406D-2022-32-000028 | Isabel Gómez Jardón y Santos García Fernández, S.C. | J32323412 | 2 | 25.948,52 € |
| 31 | MR406D-2022-32-000029 | Pérez Limia, S.C. | J32424459 | 2 | 25.137,90 € |
| 32 | MR406D-2022-32-000030 | Hnos. Colmenero, S.C. | J32485211 | 2 | 45.009,05 € |
| 33 | MR406D-2022-36-000008 | José Antonio Calveiro Novo | ***1822** | 2 | 11.492,50 € |
| 34 | MR406D-2022-36-000009 | Integraciones Muíños, S.L. | B94116001 | 2 | 8.375,00 € |
| 35 | MR406D-2022-27-000052 | Gandaría Valcárcel Láncara, S.L. | B27432491 | 2 | 77.235,60 € |
| 36 | MR406D-2022-32-000036 | Explotación Ganadera A Ponte, S.C. | J32392599 | 2 | 37.025,00 € |
| 37 | MR406D-2022-15-000031 | Casa Eiras, S.C. | J70335559 | 2 | 34.550,00 € |



| Orde | Código de expediente | Beneficiario | NIF | Puntuación criterios de valoración | Subvención concedida |
|------|-----------------------|---|-----------|------------------------------------|----------------------|
| | | | | | Importe |
| 38 | MR406D-2022-15-000032 | Finca A Cheda | B15656374 | 2 | 27.295,00 € |
| 39 | MR406D-2022-32-000037 | Benito Rodríguez Vázquez y otros SC | J32236390 | 2 | 37.025,00 € |
| 40 | MR406D-2022-27-000053 | Juan José Iglesias Rodríguez | ***7623** | 2 | 154.838,50 € |
| 41 | MR406D-2022-32-000039 | Severino Bello Fuentes | ***9832** | 2 | 27.727,50 € |
| 42 | MR406D-2022-15-000020 | Granjas Reborido, S.L. | B70465695 | 2 | 22.600,00 € |
| 43 | MR406D-2022-15-000022 | Casa Raña SAT nº 1037 XUGA | V15710114 | 2 | 92.500,00 € |
| 44 | MR406D-2022-36-000012 | Sandra García López | ***6603** | 2 | 19.307,50 € |
| 45 | MR406D-2022-15-000030 | A Roubada, S.C. | J70036611 | 2 | 8.825,00 € |
| 46 | MR406D-2022-32-000004 | Sociedad Cooperativa Unimiño Sociedad Cooperativa Gallega | F32390593 | 0 | 30.935,39 € |
| 47 | MR406D-2022-27-000001 | Olalla Villar Penelo | ***5699** | 0 | 38.200,00 € |
| 48 | MR406D-2022-27-000002 | Gavieiro e hijos, S.L. | B27371194 | 0 | 34.940,00 € |
| 49 | MR406D-2022-27-000003 | Casa Xacobe, S.C. | J27368778 | 0 | 42.430,00 € |
| 50 | MR406D-2022-27-000005 | Avícola O Marco, S.L.U. | B27231695 | 0 | 300.000,00 € |
| 51 | MR406D-2022-27-000006 | Crexal SAT nº 1365 XUGA | V27368000 | 0 | 191.600,00 € |
| 52 | MR406D-2022-27-000007 | SAT O Carboeiro nº 1369 XUGA | V27362847 | 0 | 95.177,04 € |
| 53 | MR406D-2022-36-000001 | Casa do Rei, S.C. | J94037801 | 0 | 37.500,00 € |
| 54 | MR406D-2022-27-000012 | Maria Jesús Carracedo Seoane | ***3917** | 0 | 34.886,25 € |
| 55 | MR406D-2022-27-000014 | Ber, S.C. | J27390400 | 0 | 33.730,00 € |
| 56 | MR406D-2022-27-000019 | Ganadería O Castelo, S.C. | J27353283 | 0 | 34.135,00 € |
| 57 | MR406D-2022-27-000021 | Pedrolas SAT nº 1026 XUGA | V27244557 | 0 | 166.000,00 € |
| 58 | MR406D-2022-27-000023 | Ganadería Freire Rego, S.C. | J67820084 | 0 | 32.050,50 € |
| 59 | MR406D-2022-15-000002 | Bernardino González Pena | ***6910** | 0 | 20.899,66 € |
| 60 | MR406D-2022-27-000024 | Ganadería Carballo González, S.C. | J27338185 | 0 | 5.042,00 € |



| Orde | Código de expediente | Beneficiario | NIF | Puntuación criterios de valoración | Subvención concedida |
|------|-----------------------|---|-----------|------------------------------------|----------------------|
| | | | | | Importe |
| 61 | MR406D-2022-27-000025 | SAT Revolta nº1421 XUGA | V27447960 | 0 | 10.500,00 € |
| 62 | MR406D-2022-27-000030 | Xerlea, S.L. | B27260348 | 0 | 88.915,00 € |
| 63 | MR406D-2022-27-000031 | Treilán, S.C. | J27490044 | 0 | 40.000,00 € |
| 64 | MR406D-2022-27-000034 | O Pombal de Seoane, S.C. | J27505635 | 0 | 11.250,00 € |
| 65 | MR406D-2022-27-000041 | Agromilk Berlai, S.L. | B27290014 | 0 | 181.324,46 € |
| 66 | MR406D-2022-15-000004 | Vidual, S.C. | J70038906 | 0 | 11.660,00 € |
| 67 | MR406D-2022-15-000005 | Ganadería Pastora, S.C. | J70362173 | 0 | 174.240,00 € |
| 68 | MR406D-2022-27-000043 | Carabajales, S.C. | J27319318 | 0 | 15.215,50 € |
| 69 | MR406D-2022-32-000011 | Víctor Manuel Pérez Villamarín y otro, S.C. | J32238370 | 0 | 55.858,61 € |
| 70 | MR406D-2022-27-000045 | M. Barreal Augalevada, S.C. | J27337054 | 0 | 112.180,00 € |
| 71 | MR406D-2022-27-000046 | Ganadería Neiras, S.C. | J27489970 | 0 | 58.000,00 € |
| 72 | MR406D-2022-15-000006 | SAT Regueiro Branco nº 1390 XUGA | V70191119 | 0 | 46.940,00 € |
| 73 | MR406D-2022-27-000047 | Alicia María Fernández Moreiras | ***0368** | 0 | 11.480,00 € |
| 74 | MR406D-2022-27-000048 | SAT Os Foros nº 1231 XUGA | V27300144 | 0 | 167.800,00 € |
| 75 | MR406D-2022-27-000049 | SAT O Palomar XUGA 1250 | F27303726 | 0 | 93.870,00 € |
| 76 | MR406D-2022-27-000058 | Casa Barbeiro, S.L. | B27363886 | 0 | 300.000,00 € |
| 77 | MR406D-2022-15-000009 | Gandería Sar, S.L. | B70167341 | 0 | 300.000,00 € |
| 78 | MR406D-2022-15-000012 | Granxa Salgueiro, S.C. | J70378690 | 0 | 71.958,37 € |
| 79 | MR406D-2022-15-000014 | Manuel Botana Cebeiro | ***4823** | 0 | 164.962,25 € |
| 80 | MR406D-2022-15-000015 | Gandeiría Cruceiro-O Pazo, S.C. | J70041280 | 0 | 77.184,00 € |
| 81 | MR406D-2022-15-000019 | Netransa, S.C. | J15909252 | 0 | 125.000,00 € |
| 82 | MR406D-2022-32-000041 | Celso Gómez Valencia y otros, S.C. | J32236358 | 0 | 153.691,92 € |
| 83 | MR406D-2022-32-000042 | Cacheniñas, S.L. | B32338857 | 0 | 16.375,00 € |



ANEXO II
Denegacións

| Código de expediente | Solicitante | NIF | Motivo de denegación |
|-----------------------|---|-----------|---|
| MR406D-2022-15-000010 | Agroganor, S.L. | B70488259 | Investimento non elixible |
| MR406D-2022-15-000011 | Asoc. Agricultores e Gandeiros Profesionais Agaprof | G10850360 | Non cumple as condicións de plan conxunto (non acada o mínimo de 5 explotacións) |
| MR406D-2022-15-000017 | TPS Services 2021, Sociedad Limitada | B16674624 | O tipo de solicitante (911) non pode ser beneficiario da liña D |
| MR406D-2022-15-000025 | Agrociucende, S.C. | J70141700 | Non cumple os requisitos do punto 5.h)3.f (relación h:s da fosa de xurro) nin os do punto 5.h)3.a (a cuberta da fosa de xurro está aberta polos laterais) |
| MR406D-2022-15-000033 | Ganadería Bello, S.C. | J15980170 | Non cumple os requisitos do punto 5.h)3.f (relación h:s da fosa de xurro) |
| MR406D-2022-27-000018 | Ganadería Mouriz, S.C. | J09789603 | Denégase porque non é titular dunha explotación Reaga |
| MR406D-2022-27-000032 | Cristian Pérez Souto | ***3670** | O investimento vai asociado a un incremento da capacidade da explotación |
| MR406D-2022-27-000033 | Salgado Buide, S.C. | J27407410 | Denégase porque presenta solicitude de 1 unidade e importe 1 |
| MR406D-2022-27-000035 | Explotación Ganadera Cabinsua, S.C. | J27350479 | Non alcanza o importe mínimo de 10000 euros |
| MR406D-2022-27-000042 | Ganados Varela & Varela, S.L. | B15823495 | Denégase porque ten un expediente de plan de mellora 434/22 |
| MR406D-2022-27-000044 | José González Lombardía | ***3807** | Investimento non elixible (cuberta esterqueira existente) |
| MR406D-2022-27-000050 | Casa Barbeiro, S.L. | B27363886 | O expediente non cumple as condicións de plan conxunto (renunciou un dos integrantes) |
| MR406D-2022-27-000054 | Recría Castro, S.L. | B27487065 | Empresa en crise |
| MR406D-2022-27-000056 | Anca María Constantin | ***4989** | Non contestou o requerimento. |
| MR406D-2022-32-000001 | Alta Pedra, S. Coop. Galega | F32172348 | Duplica co expediente MR406D-2022-32-000002 |
| MR406D-2022-32-000002 | Alta Pedra, S. Coop. Galega | F32172348 | Obriga de ter almacenamento previo para 6 meses, segundo o expediente 2007/0082 de autorización ambiental integrada |
| MR406D-2022-32-000006 | González Blanco, S.C. | J01737857 | Non cumple a capacidade mínima exixida |
| MR406D-2022-32-000013 | Victorino Parente Pascual y otros, S.C. | J32235988 | Non cumple a capacidade mínima exixida |



DOG

Díario Oficial de Galicia

DOG Núm. 35

Luns, 20 de febreiro de 2023

Páx. 14729

| Código de expediente | Solicitante | NIF | Motivo de denegación |
|-----------------------|---|-----------|---|
| MR406D-2022-32-000016 | Alba Quintairos Casal | ***6048** | Non cumple a relación altura: superficie |
| MR406D-2022-32-000018 | Primo Martínez Rodríguez y otros, S.C. | J32236267 | O investimento solicitado está asociado a un incremento da capacidade da explotación |
| MR406D-2022-32-000019 | Carmen Blanco Quintas y otros, S.C. | J32235376 | Explotación de baixa no Reaga |
| MR406D-2022-32-000020 | Alfonso Carballo Lama y otros, S.C. | J32346694 | Non cumple a relación altura: superficie |
| MR406D-2022-32-000022 | José Aser Fernández Cidre | ***1722** | Non cumple a capacidade mínima exixida |
| MR406D-2022-32-000023 | Luz María Gómez Suárez | ***1897** | Non cumple os requisitos do punto 5.h)3.f (relación h:s da fosa de xurro) nin os do punto 5.h)3.a (a cuberta da fosa de xurro está aberta polos laterais) |
| MR406D-2022-32-000024 | José Cid y otros, C.B. | E32181653 | Obriga de ter almacenamento previo para 6 meses, segundo o expediente 2006/0198 de autorización ambiental integrada |
| MR406D-2022-32-000025 | Nieves y Teresa, S.C. | J32369217 | Explotación dada de baixa no Reaga |
| MR406D-2022-32-000027 | Manuel Fernandez Feijoo y otros, S.C. | J32235319 | O investimento solicitado non cumple a relación altura: superficie |
| MR406D-2022-32-000031 | José Luis Castro Vázquez | ***5229** | O investimento solicitado vai asociado a un incremento da capacidade da explotación |
| MR406D-2022-32-000032 | José Alvar Rivero y otros, S.C. | J32234874 | Segundo a autorización ambiental integrada con núm. 2019- IPPC-7-344, debe ter almacenamento para 6 meses |
| MR406D-2022-32-000033 | Javier Zuñiga Rodríguez | ***1514** | Non cumple a capacidade mínima exixida |
| MR406D-2022-32-000034 | Miguel Meire Rodríguez | ***6891** | Débedas coa Seguridade Social e coa Atriga |
| MR406D-2022-32-000035 | Manuela Dorado Rodríguez y otros, S.C. | J32330615 | Non cumple a relación altura: superficie |
| MR406D-2022-32-000038 | Explotaciones Porcinas Reina Loba, S.C. | J32470882 | Débedas coa AEAT. Non cumple a capacidade mínima exixida |
| MR406D-2022-32-000040 | José Cibeira Villanueva | ***8135** | Débedas coa Atriga e AEAT. Non cumple a capacidade mínima esixida |
| MR406D-2022-36-000002 | Meijomin, S.L. | B36527513 | Desistencia |
| MR406D-2022-36-000003 | Val Silva, S.L. | B36520591 | Investimentos non elixibles por non cumplir o establecido no punto 5.h)3.f do cadre de especificacións da orde de convocatoria |
| MR406D-2022-36-000005 | Noa Presas González | ***9433** | Incumprimento de requisitos para ser beneficiario segundo o estipulado no punto 4.a)1 do cadre de especificacións da orde de convocatoria |



DOG Núm. 35

Luns, 20 de febreiro de 2023

Páx. 14730

| Código de expediente | Solicitante | NIF | Motivo de denegación |
|-----------------------|---|-----------|---|
| MR406D-2022-36-000007 | Gandería Silleda, S.L. | B94132701 | Non presenta memoria de actuación segundo o establecido no artigo 11.1.a) da orde de convocatoria. Investimentos non elixibles por non cumplir o establecido no punto 5.h)3.f do cadre de especificacións da orde de convocatoria |
| MR406D-2022-36-000010 | Asogama, S.C. | J09796103 | Incumprimento de requisitos para ser beneficiario segundo o estipulado no punto 4.a)1 do cadre de especificacións da orde de convocatoria |
| MR406D-2022-36-000011 | Casa Rosende Agricultura y Ganadería, Sociedad Limitada | B05385745 | Investimentos non elixibles por non cumplir o establecido no punto 5.h)3.f do cadre de especificacións da orde de convocatoria |